



Educación Infantil

Día das letras galegas 2010



Seminario de Formación Permanente
«Uxío Novoneyra»

Rosa María Andrés Losada
Eduardo Xosé Cabrera Paradela
M.^a Luísa Domínguez Pérez
Armando Xosé Herrero Mayor
M.^a Luísa Mosquera Seijo
Mario Ramón Suárez Hermida

Seminario de Formación Permanente
«Material didáctico sobre Uxío Novoneyra»

Ana Fernández Jonte
M.^a Isabel Hortas González
Paz Santiso Andrade
Ana María Seijo López
M.^a Jesús Souto Pereira
M.^a Belén Suárez Carballo

Seminario de Formación Permanente
«Uxío Novoneyra na Rede»

Ana María Cernadas García
María del Carmen Félix Cedeira
Vanessa Guimarey Cedeira
Manuel Paz Anido
José Antonio Picado Rodríguez
M.^a Carmen Valiñas Rivas

Asesoría pedagóxica CEFOR A Coruña

Xosé Antón Amil García

Maquetación e deseño gráfico

Manolo Paz Anido (www.edugaliza.org)

Colexios participantes


CEIP Anxo da Garda, da Coruña
CEIP A Solaina, de Narón
CEIP Galán, de Oseiro-Arteixo
CEIP Eusebio da Garda, da Coruña
CEIP Torrente Ballester, de Sigrás-Cambre
CEIP Luís Seoane, de Mera-Oleiros
CEIP Montel Touzet, da Coruña
CEIP Portofaro, do Temple-Cambre
CEIP Praia de Quenxe, de Corcubión
CEIP Virxe do Mar, de Narón
CEIP W. Fernández Flórez, de Cambre
CPI do Feal, de Narón

Á Real Academia Galega, a Saleta Goy e a Uxío Novo Rei pola súa colaboración e xenerosidade.

Edita

**Seminario Permanente de Formación
do Profesorado do CEIP de Galán,
Oseiro-Arteixo (A Coruña)**
<http://www.seminariogalan.org>
ISBN 978-84-692-9829-9





OLA, SON O CUCO FUCO E
VOU AXUDARCHE A QUE
COÑEZAS AO MEU AMIGO


UXÍO NOVONEYRA

A QUEN ADICAMOS O


DÍA DAS LETRAS GALEGAS

2010

Decora a Fuco con anaquiños de xornal. Repasa e colorea as letras do nome de Uxío Novoneyra.



UXÍO NACEU O 19 DE XANEIRO DE 1930 EN PARADA DE MOREDA, UNHA ALDEA DO COUREL. O COUREL É UNHA ZONA MONTAÑOSA DA PROVINCIA DE LUGO.





Colorea as árbores máis cercanas á aldea.




UXÍO ERA POETA E ESCRIBIU MOITOS POEMAS SOBRE A SÚA TERRA, O COUREL E OS ANIMAIS QUE VIVIMOS NELA. ESTE É UN POEMA QUE ME ADICOU A MIN.



CANTA O CUCO CALA E CANTA
DOS CASTIÑEIROS DO VAL.
PASA O TEMPO E NON DI NADA
E VOLTA O CUCO A CANTAR.




Busca e arrodea de vermello todas as letras A que atopes. Busca e arrodea a palabra CUCO. Atopa e marca o camiño que ten que seguir o cuco para chegar ao seu niño.



FALEMOS UN POUCO DE MIN. TEÑO UN CANTO MOI CARACTERÍSTICO. FAGO CUCÚ, CUCÚ, CUCÚ...
HAI QUE DICIR QUE CHE SON ALGO LARCHÁN E DEIXO OS MEUS OVOS NOS NIÑOS DOS DEMAIS PAXAROS PARA QUE OS CHOQUEN ELES.



Busca máis información sobre o cuco na web <http://cucucu.pajaricos.com>. ou en Youtube «canto do cuco». Pon ovos nos niños para que en todos haxa tres ovos. Colorea despois os niños.



CHEGO POLO MES DE MARZO, ANUNCIANDO A PRIMAVERA.
ATA HAI XENTE QUE INVENTOU REFRÁNS FALANDO DE MIN, COMO O QUE DI...
«EN ABRIL, CANTA O CUCO NO CUBIL».

XANEIRO




MARZO




ABRIL



MAIO



XUÑO




XULLO



MAIO



ABRIL



Recorta o cuco e colócao no mes de abril. Fai o mesmo con Uxío Novoneyra e colócao no mes de maio, xa que neste mes conmemoramos o Día das Letras Galegas.




UXÍO CASOU CON ELVA E TIVO TRES FILLOS COS QUE VIVIU EN MOITOS LUGARES, PERO ONDE MÁIS LLE GUSTABA VIVIR ERA NO COUREL, AÍNDA QUE NESTE SITIO, DURANTE O INVERNO VAI MOITO, MOITO FRÍO.

UXÍO NOVONEYRA

CAI A NEVE CAI CAI
FALOPÍÑA A FALOPÍÑA
NIN O VENTO A ARREMUIÑA
NIN A AUGA A DESFAI.

CIDO CASTRO DE BRÍO NEVADOS!
BAIXA A NEVE ATÉ OS PRADOS.



Colorea as folerpas que teñen escrito o número 4.



EN LUGO ESTUDA O BACHARELATO E EN MADRID COMEZA OS ESTUDIOS UNIVERSITARIOS. ANOS MÁIS TARDE VOLVE A GALICIA, A SANTIAGO DE COMPOSTELA.

LUGO



MADRID



MADRID





SANTIAGO




Segue o camiño que levou a Uxío ás cidades de Lugo, Madrid e Santiago de Compostela.





TRABALLOU NA RADIO E NA TELEVISIÓN, PERO O QUE MÁIS LLE GUSTABA ERA ESCRIBIR, SOBRE TODO POESÍA. CHEGOU A FACER TRADUCIÓNS DE MOITOS IDIOMAS, MESMO DO CHINÉS.



Colorea de verde o libro máis grande e de vermello o máis pequeno.



UXÍO FOI PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN DE ESCRITORES EN LINGUA GALEGA. COÑECEU A MOITOS ESCRITORES E ESCRITORAS COMO MARÍA MARIÑO, RAMÓN PIÑEIRO, MANUEL MARÍA...



MANUEL MARÍA

RAMÓN
PIÑEIRO



MARÍA MARIÑO

Caricaturas realizadas por Xabier Domínguez e Antonio Palla

Pica e coloca os nomes dos autores e da autora onde corresponda coa súa caricatura.



UN ESCRITOR AMIGO DE UXÍO, MANUEL
MARÍA, TAMÉN ME ADICOU UN POEMA.
ESCOITÁDEO!






O cuco, cuco cuqueiro,
O cuco, cuco, cucón.
Madrugón e cantareiro!
Cantareiro e madrugón!
Óese pola carballeira
o vello cuco souril
ao nacer a Primavera
entre o Marzo e o Abril
O vello cuco, cucou
e moito máis cucará!
O cuco non me capou
e nunca me capará!
Polas mañás ben cediño
o cuco canta: “cú-cú”
Como o teño por veciño
eu trato ao cuco de tu!

Manuel María, 1968

Arrodea as cinco diferenzas entre os dous debuxos e colorea o da esquerda.



PARA QUE TE LEMBRES DE MIN E DO MEU AMIGO UXÍO, PODES COLOREAR E RECORTAR ESTE MÓBIL COS DEBUXOS DAS MIÑAS CRÍAS.



Colorea e recorta as pezas. Pica e coloca os paxaros no niño.